XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 21 de febreiro de 2024, polo que se resolven as denuncias das representacións xerais do Bloque Nacionalista Galego, de Sumar Galicia e de Vox por unha posible infracción dos artigos 8 e 50 da LOREX polo envío por parte da Consellería de Sanidade de mensaxes SMS ao persoal sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

Antecedentes

1. O 16 de febreiro de 2024, recíbese unha denuncia da representante xeral do BNG relativa a un SMS recibido por persoal sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia nos seus dispositivos móbiles no que se anunciaban melloras salariais. As mensaxes recibidas por ese medio son os seguintes:

«"Carreira profesional:

Informámoslle que a partir da nómina deste mes de febreiro lle será aboado mensualmente un novo grado de carreira profesional con atrasos desde xaneiro-2024.

Melloras retributivas 2024:
Aboaráselle a partir desta nómina o incremento das noites en días laborables nun 7,9% e festivos e noite prefestiva de sábado do 15,71%. As noites de venres serán abonadas como festivas".

Outras mensaxes conteñen o seguinte texto:

"Novos importes das gardas de presenza física: Informámoslle que a partir desta nómina terán as seguintes contías: Gardas presenza físicas de 17 horas con 476 e 672 as de 24 horas e a quinta garda e sucesiva con 629 (17 horas) e 888 (24 horas)".»

En opinión da entidade política denunciante, estas mensaxes son contrarias aos principios de obxectividade, neutralidade e transparencia dos poderes públicos e supoñen unha campaña de logros co uso dos recursos públicos ao ser remitidos desde a Consellería, polo que se vulneraron os artigos 8 e 50 da LOREX.

Tampouco supoñen a posta en coñecemento do persoal sanitario de ningunha medida para salvagardar o interese público, para garantir o correcto funcionamento dos servizos públicos, nin tampouco é unha información relevante que sexa imprescindible poñer en coñecemento do persoal sanitario, senón que *«estamos a falar de medidas que foron aprobadas no mes de abril do pasado ano 2023, e publicadas no DOG con data de 30 de xuño de 2023 como se pode ver no seguinte enlace ao DOG https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2023/20230630/AnuncioC3K1-290623-0001_gl.html»*

En engade:

«De feito estas subidas salariais aprobadas en xuño do 2023 tiñan que ter sido efectivas o 1 de xaneiro de 2024, polo que nada explica que estas mensaxes sexan enviadas precisamente o último día de campaña dun proceso electoral desde unha Consellería, e máis aínda cando nin sequera se van facer efectivas nin ese día nin os inmediatos posteriores, senón a partir do abono da seguinte nómina, polo que en aras da transparencia, neutralidade e obxectividade das institucións públicas, nada impedía que, de querer enviar a Consellería estas mensaxes o fixera a vindeira semana, mesmo o luns, unha vez rematado o proceso electoral.

Así, precisamente este envío o último día de campaña e a dous días de votar, ademais de vulnerar os principios establecidos no artigo 8 da LOREX, supoñen tamén unha campaña de logros ao expresarse como "melloras retributivas 2024" ou "lle será aboado mensualmente un novo grado de carreira profesional" ou "Novos importes das gardas de presenza física" dando a entender que se trata de melloras salariais, sen facer en ningún momento mención a que do que se trata é da aplicación do Acordo acadado no mes de abril de 2023 e que xa se tiña que ter executado no mes de xaneiro.»

Polo exposto, solicítase que se estime a denuncia no senso de declarar que o envío masivo por parte da Consellería de Sanidade das mensaxes denunciadas ao persoal sanitario da comunidade, vulneran o artigo 8 e o artigo 50.2 Lei electoral e sexa aberto expediente sancionador dado o alcance do envío realizado.

2. O 16 de febreiro de 2024, a representación xeral de Sumar formaliza unha denuncia na que se sinala o seguinte:

«En el día de hoy, 16 de febrero de 2024, último día de la campaña electoral, hemos tenido conocimiento por la prensa de que la Xunta de Galicia ha procedido a enviar un SMS a las personas trabajadoras del Servicio Gallego de Salud (SERGAS) en el que se les comunica una subida salarial con el siguiente texto:

"Mejoras retributivas 2024: Se le abonarán a par r de esta nómina el incremento de las noches en los días laborables en un 7,9% y fes vos y noche prefes va de sábado del 15,71%. Las noches de viernes serán abonadas como fes vas"

Estas mejoras salariales fueron obtenidas en abril del año pasado y se anuncia justo a dos días de las elecciones.

Además, se han enviado SMS adaptados a cada puesto de trabajo:

"Le informamos que a partir de la nómina de este mes de febrero le será abonado mensualmente un nuevo grado de carrera profesional con atrasos desde enero de 2024"

"Nuevos importes de las guardias de presencia sica: le informamos que a par r de esta nómina tendrán las siguientes cuan as: Guardias presencia sica de 17 horas con 476€ y 672€ las de 24 horas, y la quinta guardia sucesiva 629€ (17h) y 888€ (24h)" La no cia es accesible a través del siguiente enlace:

htpps://www.eldiario.es/galicia/xunta-envia-sms-personal-sanidad-publica-gallegaanunciar-subida-salarial-dias-elecciones_1_10930726.html ».

Polo tanto, afirma que a Xunta de Galicia *«ha hecho una campaña de logros rela va a una subida salarial que se aprobó el año pasado directamente dirigida a las personas trabajadoras del SERGAS a través de un envío masivo de SMS financiado con fondos públicos. Aunque pudiera considerarse un acto propio del funcionamiento normal de la institución pública, su difusión a dos días de las elecciones no puede considerarse imprescindible para el funcionamiento del mismo, puesto que el anuncio informativo no va a afectar a la efectiva subida salarial aprobada el año pasado. En este sen do se ha pronunciado de manera reiterada la doctrina de la JEC (AC de 27 de sep embre de 2012).»*

Asegura que *«no hay ningún tipo de jusficación para hacer el anuncio a dos días de las elecciones autonómicas cuando la subida salarial se aprobó hace meses, ya que en ningún caso puede entenderse que se trate de una campaña imprescindible para la salvaguarda del interés público. El único fin que puede perseguir con el anuncio hecho vía SMS a miles de votantes acción la Xunta de Galicia gobernada por el Par do Popular es influir directamente en el voto de las miles de personas que trabajan el SERGAS en el último día de campaña a dos días de las elecciones.»*

Agrega que *«el intento de influir en el sen do del voto de los electores a solo dos días de las elecciones es una clara vulneración del principio de igualdad que reconoce derecho fundamental.»*

Entendése que *«por la manera directa de dirigirse a votantes concretos, por la proximidad de la fecha de las elecciones, por el elevado número de votantes que son las personas trabajadoras del SERGAS y por el tipo de contenido que supone la promoción de una subida salarial hecha directamente a sus beneficiarios, nos encontramos ante un ilícito electoral muy grave conforme al artículo 153 LOREG por lo que corresponde imponer la sanción más alta contemplada para las autoridades o funcionarios.»*

Polo exposto, solicítase que se acorde a imposición dunha sanción de 3.000 euros ao presidente da Xunta de Galicia e ao conselleiro de Sanidade.

3. O 16 de febreiro de 2024, a representación xeral de Vox formaliza unha denuncia na que se sinala que *«el Servicio gallego de Salud ha informado entre estos dos últimos días por SMS a los trabajadores de las subidas salariales acordadas hace meses.*
El SMS ha sido recibido justo en los días finales de la campaña y no tiene justificación alguna que, habiéndose aprobado ya hace meses las mismas, y anunciado como se hizo, se decida enviar en plena campaña electoral este mensaje.»

Afírmase que *«no está permitida la utilización de la posición aventajada que ofrece ser el gobierno de la Xunta en funciones e utilizar la información y la actividad ordinaria de la institución para aprovecharlos como logros partidistas en periodo electoral.»*

Asegúrase que «*la comunicación recibida más que un anuncio es un recordatorio a todos los trabajadores sanitarios de las obligaciones que hace ya meses fueron asumidas, y enviarlo en*

estas fechas de campaña electoral, y en la recta final de la misma, vulnera el principio de neutralidad que ampara el artículo 50 loreg.»

Conclúese dicindo que *«este envío de SMS, comunicando y recordando que el sistema gallego del gobierno de la Xunta en funciones subirá los salarios, conforme ya fue asumido y acordado con anterioridad, supone utilizar una obligación de la Xunta como si fuera un logro, para intentar decantar el voto hacia el partido de gobierno actual, y con ello una grave vulneración de los principios electorales reconocidos, de neutralidad, igualdad, objetividad y transparencia que rigen en todo proceso electoral.»*

E solicita que se declare que as ditas mensaxes son incompatibles cos principios de neutralidade institucional, liberdade e igualdade electoral, e acordo o inicio dun procedemento sancionador.

4. O 16 de febreiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias (RS /2024) copia da denuncia do BNG, para os efectos de formular alegacións. Deste traslado deuse coñecemento á representante xeral do BNG (RS 1/2024).

5. Cumprindo o trámite concedido, o 20 de febreiro de 2024 a Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia formula alegacións nas que se asegura que os concretos feitos denunciados non poden entenderse como alardes ou campaña de logros. Afírmase o seguinte verbo das mensaxes denunciadas:

«Os SMS que se enviaron ao persoal do SERGAS con vínculo activo, tras o peche da nómina realizada o día 15/02/2024, aos que se refiren as denuncias, foron os seguintes:

- SMS Carreira Profesional:
"Carreira profesional: Informámoslle que a partir da nómina de este mes de febreiro lle será abonado mensualmente un novo grao de carreira profesional con atrasos dende xaneiro-2024."
Este recoñecemento de novos graos de carreira profesional deriva da convocatoria anual publicada no DOG do 3 de agosto de 2023. As solicitudes foron presentadas ata o 30 de setembro. O 26 de xaneiro, nunha reunión da comisión de seguimento da carreira profesional, a administración deu conta ás organizacións sindicais de que nese intre xa estaban realizadas a inmensa maioría das avaliacións, que cerca de 10.000 profesionais xa contaban cunha avaliación favorable e que estaba previsto proceder inmediatamente ao recoñecemento dos graos coas resolucións asinadas pola Directora Xeral de Recursos Humanos, aboando as contías correspondentes na nómina do mes de febreiro e con efectos retroactivos ao 1 de xaneiro de 2024.

Este prazo de tres ou catro meses, desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes, é o que se precisa normalmente todos os anos para terminar o procedemento.

- SMS por outros conceptos:
As melloras retributivas acordadas coas organizacións sindicais o 20 de abril de 2023, aprobadas polo Consello da Xunta o 29 de xuño de 2023 (DOG do 30 de xuño), tiveron unha primeira fase de execución no verán dese ano 2023.

Con todo, as melloras máis relevantes, pola súa contía, quedaron co acordo das organización sindicais para este ano 2024. E pola súa natureza (son melloras vinculadas a actividade), non serían efectivas, por primeira vez, ata a nómina do mes de febreiro.»

Maniféstase que, como vén sendo habitual, o Sergas comunicou ao persoal, mediante comunicacións individuais, a data efectiva das melloras retributivas. Na nómina de febreiro, que se pode consultar polos profesionais no FIDES/ Expediente electrónico, hai importantes cambios que o persoal que a percibe debe coñecer e entender, así como novos conceptos retributivos nunca aplicados.

Explícase que os cambios fanse na atención continuada realizada no mes de xaneiro (noites, festivos, gardas, tardes, etc.) que se pagan o mes seguinte. No mes de febreiro abóanse, por tanto, as realizadas no mes de xaneiro.

Indícase que na nómina de febreiro, hai importantes cambios nos conceptos dos que se debe informar aos profesionais, para o seu coñecemento e entendemento. Estas novidades xustifican a información ao persoal afectado, para evitar confusión e posteriores consultas sobre a nómina.

Engádese que os SMS de novos importes foron personalizados, isto é, remítense ás concretas persoas que os perciben. E, por último, infórmase que o envío de mensaxes SMS ao persoal sanitario non é unha novidade e se utiliza habitualmente polo SERGAS como medio de difundir información ou novidades. Só no ano 2023 remitíronse cerca de 200 comunicacións diferentes mediante SMS ao persoal afectado. Cítanse exemplos da súa remisión.

Polo tanto, afírmase que non existe infracción electoral xa que se trata de mera información de respaldo que recorde aos profesionais os cambios ou novidades que se incorporan na nómina. Tampouco existe unha “campaña de logros” ou difusión de información con contido electoralista. As mensaxes son meramente informativas e atenden a unha finalidade na que existe un interese público concreto, como é o coñecemento polos profesionais dos cambios incorporados na seguinte nómina. Son, polo tanto, actuacións ordinarias acaecidas no seo da relación de servizo co persoal propio.

Por todo o exposto, solicitase que se arquiven as actuacións previas incoadas, dado que os feitos denunciados non infrinxen o contido do artigo 50 da LOREX.

Fundamentos xurídicos

Primeiro. Logo de examinadas ambas as tres denuncias referidas, acórdase a súa acumulación, derivada da previsión do artigo 57 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), aplicable supletoriamente conforme ao disposto no artigo 120 da LOREX, que permite que un órgano administrativo poida dispoñer a acumulación de asuntos que garden identidade substancial ou íntima conexión, sempre que sexa o mesmo órgano quen deba tramitar e resolver o procedemento.

Polo que, en aplicación do citado precepto, procede acumular os procedementos de actuacións previas derivados nas ditas denuncias, na medida en que estas se refiren ao envío por parte da Consellería de Sanidade das mesmas mensaxes ao persoal sanitario da Comunidade Autónoma.

Segundo. O artigo 50 da Lei orgánica 5/85, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral (LOREX), prohibe expresamente no seu apartado 2 durante o período electoral "*calquera acto organizado ou financiado, directa ou indirectamente, polo poderes públicos que conteña alusións ás realizacións ou aos logros obtidos*".

Terceiro. Na Instrución 2/2011, do 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, sobre a interpretación do artigo 50 da LOREX, en relación ao obxecto e aos límites das campañas institucionais e dos actos de inauguración realizados polos poderes públicos en período electoral, inclúe entre as accións institucionais permitidas, *"as campañas informativas que resulten imprescindibles para a salvagarda do interese público ou para o correcto desenvolvemento dos servizos públicos. Nestes casos o envío de cartas ou mensaxes aos interesados ou a inserción de anuncios en espazos ou lugares públicos ou en medios de comunicación, deberá limitarse estritamente a proporcionar información de interese xeral sobre a conclusión dunha obra pública, a posta en marcha ou o funcionamento dun servizo público, sen que poida conter connotacións electoralistas nin alusións ás realizacións ou logros obtidos polos poderes públicos afectados"* [apartado cuarto punto b) e derradeiro parágrafo].

En actos financiados polos poderes públicos, non se poderán realizar actuacións que teñan contido electoralista ou se empreguen como campaña de realizacións ou logros obtidos, resultando improcedente polo tanto, que as autoridades ou funcionarios realicen actos ou declaracións nese sentido (Ac. XEC do 8 de xuño de 2016, Ac. XEC do 14 de abril de 2011, Ac. XEC do 7 de abril de 2011).

Cuarto. A Xunta Electoral Central ten declarado reiteradamente que as administracións públicas no período electoral poden continuar co exercicio das competencias que legalmente teñen atribuídas*: «El artículo 50.2 de LOREG no prohíbe que durante los períodos electorales las administraciones públicas puedan ejercer las potestades administrativas que tengan legalmente atribuidas»* (Ac. XEC do 4 de marzo de 2020).

Polo tanto, o inicio do período electoral "*no interrumpe aquellas actuaciones de los poderes públicos que resulten necesarias para la salvaguarda del interés público o para el correcto desarrollo de los servicios públicos"* (Ac. XEC do 10 de maio de 2011), e tampouco impide a información sempre que se limite estritamente a proporcionar aquela que sexa de interese xeral (Ac. XEC do 14 de abril de 2011) ou que sexa útil, carente de valoracións electoralistas e enmarcada dentro dunha campaña informativa específica (Ac. XEC do 16 de maio de 2019).

Quinto. Á vista do expediente, as citadas mensaxes ían dirixidas ao persoal estatutario sanitario do SERGAS para informarlle sobre o aboamento na nómina de febreiro das retribucións correspondentes a un novo grao da carreira profesional, sobre o incremento nas retribucións por horas nocturnas, que tamén serán efectivas na nómina dese mes, e verbo das contías, para pagar a partir dese mes, por gardas de presenza física.

Nas alegacións da Administración sinálase, en relación coa carreira profesional, que este recoñecemento de novos graos de carreira profesional deriva da convocatoria anual publicada no DOG do 3 de agosto de 2023. As solicitudes foron presentadas ata o 30 de setembro. O 26 de xaneiro, nunha reunión da comisión de seguimento da carreira profesional, a administración deu

conta ás organizacións sindicais de que nese intre xa estaban realizadas a inmensa maioría das avaliacións, que cerca de 10.000 profesionais xa contaban cunha avaliación favorable e que estaba previsto proceder inmediatamente ao recoñecemento dos graos coas resolucións asinadas pola Directora Xeral de Recursos Humanos, aboando as contías correspondentes na nómina do mes de febreiro e con efectos retroactivos ao 1 de xaneiro de 2024.

Indícase tamén, nesas alegacións, que as melloras retributivas acordadas coas organizacións sindicais o 20 de abril de 2023, aprobadas polo Consello da Xunta o 29 de xuño de 2023 (DOG do 30 de xuño), tiveron unha primeira fase de execución no verán dese ano 2023. Con todo, as melloras máis relevantes, pola súa contía, quedaron co acordo das organización sindicais para este ano 2024. E, pola súa natureza (son melloras vinculadas a actividade), non serían efectivas, por primeira vez, ata a nómina do mes de febreiro.

Pois ben, para esta xunta electoral, as ditas alegacións non son convincentes porque as mensaxes tiñan unha connotación electoralista. Malia que nelas se informaba ao dito persoal dunha serie de melloras retributivas que se reflectirán nas súas nóminas, resultaba obxectivamente innecesario e inoportuno transmitilas de xeito individual no curso dun proceso electoral, máxime cando o citado persoal tería recibido esas modificacións retributivas sen necesidade de ningunha comunicación previa. Tampouco supuñan a posta en coñecemento do dito persoal de ningunha medida para salvagardar o interese público, para garantir o correcto funcionamento dos servizos públicos, nin era unha información relevante que ese persoal debese coñecer nese momento, senón que se trataba dunhas medidas que foron aprobadas no mes de abril de 2023 e publicadas no DOG con data de 30 de xuño de 2023.

Segundo se desprende do expediente, estas subas salariais foron aprobadas en xuño do 2023 e tiñan que ter sido efectivas o 1 de xaneiro de 2024, polo que non resulta xustificable que estas mensaxes foran enviadas o último día da campaña electoral desde a Consellería de Sanidade, cando nin sequera se ían facer efectivas nin nese día nin nos inmediatos posteriores, senón a partir do pagamento da seguinte nómina, polo que en aras da transparencia, neutralidade e obxectividade das institucións públicas, nada impedía que, de querer enviar a consellería estas mensaxes, o fixera logo de rematado o proceso electoral.

De modo que, como sinalan os denunciantes, este envío o último día de campaña e a dous días de votar, ademais de vulnerar os principios establecidos no artigo 8 da LOREX, supón tamén unha campaña de logros ao expresarse como *"melloras retributivas 2024"* ou *"lle será aboado mensualmente un novo grado de carreira profesional*" ou *"Novos importes das gardas de presenza física"*, dando a entender que se trataba de melloras salariais, sen facer en ningún momento mención a que do que se trataba era da aplicación do acordo acadado no mes de abril de 2023 e que xa se tiña que ter executado no mes de xaneiro.

Por todo o que antecede, esta xunta electoral

ACORDA

Primeiro. Estimar as denuncias e declarar que a Consellería de Sanidade, incorreu na prohibición establecida na alínea 2 do artigo 50 da LOREX, por non ter respectado os principios de obxectividade e neutralidade.

Segundo. Determinar a apertura dun procedemento sancionador en relación coa Consellería de Sanidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 11:30 horas do próximo día 23 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal